

A NOSA TERRA



Año XXXVI — Núm. 490

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual N.º 376.979

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión 2727

Bós Aires, 16 de Xullo de 1954

BRILANTE REAFIRMACION DE FE GALEGUISTA

CON EISTRAORDINARIA EMOCION A COLEITIVIDADE CELEBROU O CABO DE ANO DO PLEBISCITO

APOTEOSICO RESCIBIMENTO DO LIDER GALEGUISTA SUAREZ PICALLO

Orgaizado pol-a Comisión Intersocietaria tivo lugar o 28 de xuño un estraordinario aito para celebrar o aniversario do Plebiscito do Estatuto de Galiza, que acadou profeccións magníficas e que di outro do espírito eixemplar que anima á nosa coleitividade, da súa identificación coas arelas da Patria e da súa rexedume na defensa dos ideais nacionais.

A data histórica que significou tantas esperanzas para Galiza é lembrada sempre pol-a coleitividade galega de Bós Aires coa mesma emoción que no ano 1936 viveu total-as alternativas do Plebiscito, e unha concurrencia estraordinaria acugulou este ano o Teatro Arxentino, en eispresión inequívoca da fe no futuro da Patria. Pero este ano a celebra-

ción acadou unha significación moi especial para os galegos de Bós Aires, pois volverían a escoitar a voz senlleira dun destacado persoero que perante moitos anos desenrolou unha rexa labourea no seo da coleitividade para ocupar despois en Galiza un lugar de primeira fila nos traballos que habían de rematar co Plebiscito do Estatuto.

Despois d-unha longa ausencia, o irmán Ramón Suárez Picallo voltou a Bós Aires dende Chile a falarlle

aos seus amigos e compañeiros de loita, precisamente en col do Estatuto, un dos seus anxeos máis fermosos e queridos e a meirande esperanza que viveu Galiza nos tempos contemporáneos, nunha xornada memorábel que acadou a máis fonda emoción patriótica e a máis rexa e varil afirmación de fe nos destinos da Patria. A celebración deste aniversario do Plebiscito quedará asinalada así como unha das máis xurdidas eispresións dos sentimentos da nosa coleitividade e da súa identificación coa Terra Nai.

A Comisión Intersocietaria, que ano tras ano ven cumprindo a honrosa e patriótica tarefa de celebrar

tivemos á nosa veira a voz amiga de vascos e cataláns que coa colaboración de entidades artísticas e coa presenza de destacados persoeros, trouxeron a eispresión de solidariedade e identificación coas nosas anxeiras. Na voz do doctor Pero de Basaldúa, os vascos puxeron de manifesto a íntima comunidade de intereses que nos xungen na loita pol-a liberdade nacional e a súa adhesión afervorada na data trascendente que celebramos, que debeu significar o comezo d-unha xeira de promisorias realizacións para acadar a roita da nosa recuperación nacional.

En representación da coleitividade catalana escoitouse ao señor Xosé Novira Armengol quen fixo unha lembranza dos intras de emoción e esperanza vividos na loita para acadar as precarias liberdades que os estatutos conferían ás nacionalidades asoballadas da Península e asinala as ensinanzas recollidas para o futuro, que estas nacións agardan con ansia para desenrolar as súas personalidades diferenciadas. En derradeiro eispresou os seus anxeos porque esta identificación de vascos, cataláns e galegos calle nunha orgaización rexa e forte que multiplica os esforzos de cada un dos grupos nacionais en procura da liberdade arelada.

EISTRAORDINARIO RESCIBIMENTO AO IRMÁN SUAREZ PICALLO

A presenza do irmán Suárez Picallo no escenario foi aclamada con un afervorado e longo aprauso por todos os presentes, que postos de pé saudaron coas máis garimosas e entusiastas eispresións ao persoero que voltaba despois de tantos anos de ausencia. Berros de Viva Galiza Celebreaban mesturados con rexos aprausos que perante longos minutos afogaron as verbas con que o persoero agradecía tan garimosa demostración, premio a unha conduta de toda a vida d-este vello loitador galeguista. Unha fonda emoción prendeu por igual en todos os presentes e en modo especial no corazón de Suárez Picallo, que coa voz velada pol-a emoción comezou a falar agradecendo tan honroso rescibimento. O discurso de Suárez Picallo, de corte fermoso e confido profundo, foi escoitado coa meirande atención pol-o público que en repetidas ocasións interrompiu a súa verba para subrayar con sostidos aprausos os conceptos eispuestos. Dada a importancia que o mesmo revestiu, damos a continuación o texto de dito discurso:

DISCURSO DE SUAREZ PICALLO

Miñas donas. Meus señores. Meus vellos e ben queridos irmáns e amigos. Os que me coñecedes e sabedes da miña condición de afectivo e emocional, darédesvos conta de canto significa para min e canta gratitude de bo a este magnífico rescibimento. E quérovos dicir que en este reencontro me, con vosco e conmigo mesmo, en

O Estatuto Galego

Moi to se falou i escribiu sobor do Estatuto Galego antes e despois do Plebiscito. Milieiros de discursos e carrexadas de papel espallaron os comentarios feitos en col do noso código fundamental, o instrumento que necesitábamos para gobernar nos por nós mesmos. Todol-os temas ficaron esgotados. Pouco ou nada novo, pois, podemos dicir oxe, ao lembrar o 18º aniversario do glorioso plebiscito. Non ostante, vamos a destacar dous puntos que poderán servir de insinza para o porvir.

O primeiro é a tardanza en otorgar a Galiza o seu Estatuto autonómico. Se os gobernos da República non houberan impedido que se realizaran os trámites legais para que a nosa Terra poidera gozar, dendesde cedo, dos dereitos que se lle concederon a Cataluña, outro houbera sido o desenrolo dos sucesos na Hespanña.

Si Galiza tivera goberno propio cando estalou a insurrección do 36, non estaríamos agora sufrindo as angurias dun réxime de tortura e de inominia. Si en vez daqueles gobernadores galegos, que só obedeceían ordes de Madrid, estiveran ao fronte dos nosos destinos as autoridades naturais, emanadas do povo da nosa Patria, a guerra civil que ensanguentou o noso país e o resto da Península non houbera finado co trunfo dos falxiosos.

Galiza, cos seus propios gobernantes, endexamáis serviría de viveiro de homes e de granero para os traidores, nin de paso para as tropas de mouros e lexionarios que tomaron Asturias, nin os seus portos poderían ser utilizados para desembarcar as armas que os nazi-felxistas enviaban aos rebeldes, coa vista gorda do Comité de non Intervención. Ademais, co Ferrol no noso poder, non caerían nas máns dos insurreitos os barcos de guerra que había naquela base naval.

Calquera que reflicione imparcialmente poderá sacar as consecuencias axitadas. Así, pois, non é ningunha eixaxeración afirmar que si Galiza houbera tido o seu Estatuto en tempo oportuno, o resultado da loita ascendida non sería a favor dos reacionarios. Con esto non queremos menospreciar aos demais povos de Hespanña, que tan valentemente loitaron pol-a liberdade, nin darlle á nosa Terra unha importancia desmedida; pero coídamos que o que nós decimos é como unha verdade que non precisa demostración.

O segundo punto refírese ao xeito de conseguir o Estatuto. Si esperamos a que unhas Cortes Constituintes nol-o concedan, volveremos a incurrir no mesmo erro de donantes. Nada de gracia, nada de limosna; a nosa vontade rexa debe impórse e adiantarse, como un feito consumado.

Cando chegue o intre da restructuración da Hespanña, as distintas nacionalidades que a compoñen —Galiza, Euzcadi, Cataluña e Castela— deben aprobar os seus respectivos Estatutos e paitar logo vontariamente a federación que constituía a República Federal Hespanñola; non a República "federable", que morreu precisamente, por esquencer as leicións que deixou a República do século pasado.

A Federación, para que sexa duradeira e cordial, ten que vir de abaixo para riba; que as conveniencias e os azos de amizade sexan os únicos factores que influan, porque si hai de por meio unha imposición, si se coarta a liberdade dos povos para obriga-los á forza a formar parte dunha Nación, non se logrará máis que encender as paixóns e avivar os odios destructores.

Vexamos o que sucedeu cando a Hespanña foi invadida por Napoleón. O Goberno Central entregouse ao invasor. O rei foise para Franca e o povo ficou abandonado á súa propia sorte. Estonces produxose o movemento maravilloso que orixinou a recuperación nacional. Rexurdiron os antergos reinos da Península, e formáronse moitedume de xuntas rexionares; que mandaron embaixadores ao eistranxeiro e paitaron unhas con outras hastra formaren a Xunta Central, que foi a que ao final asumiu o poder e terminou coa eispulsión dos franceses.

De esta maneira, por libre vontade dos povos, débese formar a unión que dá orixen ao Estado Central, que se ocupe soamente de manter as boas relacións entre os distintos Estados que o compoñen e rexir os asuntos eistriores e os interiores de orden xeral, que eixen unha dirección homoxénea. Que toda-as nacións da Península teñan os mesmos dereitos e sexan respetadas as súas características, e de este xeito formárase unha Hespanña grande, que recobrase o seu perdido esplendor e merecera o respecto dos povos libres do mundo, deixando aberta a porta para a entrada do Portugal, que estonces podería, sin medo algún, integrar o gran Estado Ibérico ou Hispánico.

A celebración desta memorábel data tivo este ano en Bós Aires unha sinalada significación pol-a presenza do deputado galeguista e membro do Consello de Galiza, Ramón Suárez Picallo, que dende Chile chegou a esta cidade para tomar parte no grandeiro aito realizado no Teatro Arxentino. O seu varil e fermoso discurso encheu de satisfacción aos numerosos ouvintes, que o escoitaron con verdadeira ledicia. O vello loitador galeguista, que escomenzou nesta mesma capital a súa froitífera actuación política e de fondo senso galego, e que moitos relembran con agrario e admiración, non defraudou as esperanzas dos que o coñecían nin dos que nunca habían podido escoitar as súas eloquentes verbas.

Homes como ésto deben de ser postos sempre como eixemplo de patriotismo, honestidade e consecuencia. Elevado dende os máis humildes



O discutado galego e membro do Consello de Galiza, Ramón Suárez Picallo.

as datas patrias, merecea unha felicitación moi especial polo fermoso aito orgaizado esta vegada en conmemoración do Plebiscito, que esportou as máis vivas simpatías en todos os medios da coleitividade e que agardamos ver repetido en outras celebracións, en ben da causa de Galiza e do noso rexurdir.

OS DISCURSOS

Con emoción non igualada o público escoitou de pé o himno galego con que a Coral "Terra A Nosa" comezou o aito. Aos primeiros acordos do himno todol-os asistentes movidos pol-o chamado da Terra erguéronse a unha e de pé, con recollemento conmovedor, escoitaron a canción patria, que ao remate foi coroada por grandes aprausos e vitorios.

O irmán Manuel Puente en representación da Comisión Intersocietaria, falou en primeiro termo, destacando a fonda significación que ten para os galegos esta data, como a máis pura e rexa manifestación dos anxeos de liberación de Galiza e agradece a colaboración prestada pol-os distintos orgaismos que contribuíron a orgaización do aito, así como as numerosas adhesións rescibidas de distintas entidades.

ADHESION DE VASCOS E CATALANS

Como en outras ocasións semellantes, n-esta festa patria os galegos

traballos até ocupar cárgos de responsabilidade e sinificación, non perdeu por elo a súa modestia nin o seu probado amor a Galiza, nin se deixou engaiolar por chamados de sirena que ceacís lle reportaran máis proveito que o que lle dou o seu puro ideal. Pero esto é precisamente a súa maior gloria, o que lle rende as verdadeiras amizades e o que constituíe o seu máis apreciado encanto. ¡Lástema que teña que voltar de novo para Chile, onde o reclaman as súas actividades periodísticas!

Nós vémolo como a un ben querido irmán que volve aos nosos brazos despois de haber sufrido o mesmo martirio pol-o mundo adiante, que sofreu aquel outro irmán, que pudéramos considerar como irmán maior e que en vida chamouse Castela.

A NOSA TERRA compácese en enviar ao irmán Picallo un saúdo cordial e desexarlle unha grata estadia nesta cidade, que tantas lembranzas lle deben traer dos seus anos mozos.

esta cidade donde me eriei con moitos de vosotros, n-esta magnífica cidade, que lle quero dirixir un saúdo a ela e o seu povo magnífico, esta ovación quente e fervorosa facíamnos moita falta. Pol-as terras do mundo adiante, coase que en soledade, sentin frío moitas veces da falta de queitura de mans como as vosas; porque eu, por razóns que vos outros sabedes, podo dicir como o noso poeta: "choveu por min choiva de sangue e traigo frío nos osos". (Aplausos).

XORNADA DE GEORIA

Celebramos hoxe unha xornada que é un fito histórico na nosa patria. Nor é cousa de facer aquí un preunio falando dos eternos anxeos autonomistas de Galiza, que nunca abandonou dende a traxedia de Montañés e do aseninato do Mariscal Pardo de Cela; pero quérome referir especialmente á última etapa da resurrección de estos anxeos xa no pasado século. Lembremos que os deputados da Coruña nas Cortes de Cádiz eran federalistas. Lembremos que no 1816 antes dos sucesos de Carral e dos mártires, xa Antón Paraldo fixo votar un acordo en Betanzos para proclamar a independencia de Galiza (Aplausos). E lembremos tamén de que en aquel acontecemento de Carral os estudantes de Compostela dirixidos por Paraldo deron un magnífico exemplo que no reino dos sucosos os bellos tiña dereito a rexir os seus propios destinos. E lembremos que despois de aqueles sucesos, os galegos, agrupados de poeta e de amoroso, abrironlle o camiño a aqueles anxeos autonomistas empapados de espiritualidade, de arte e de beleza no concurso da nosa lingua, fío de ouro e de maravilla para dicir todolos nosos pensamentos (Aplausos).

E despois, as Irmandades da Falala alí pol-os anos 17 e 18, como consecuencia da resurrección de vellas nacións oprimidas na Europa, como resultado da primeira guerra mundial. E máis tarde, durante a ditadura de Primo de Rivera, os nosos escritores, os nosos poetas, os nosos ensaístas, os nosos dramaturgos. Los nosos grandes investigadores do Seminario de Estudos Galegos, enroitaron todo o seu traballo para conquistar aquela vella ilusión. Pero foi no ano 31, ao proclamarse a República, cando todo aquel pensamento, un pouco esvaído e un pouco inorgánico, conseguiu un auténtico e verdadeiro sentido político que era o que lle facía falta hasta daquela. "E n-aquel sentido político, e n-aquel sentido universal da nosa causa, vos outros, meus vellos amigos de Bós Aires, estivéchedes representados pol-a miña humilde persoa" e pol-a do Antón Alonso Ríos. (Aplausos).

Queríamos dicir isto porque eu, que me eriei entre vos, insisto sempre en este sentido. Sabía, intuía, mello: dito, canto tiña entón e canto había de ter despois de valer a Galiza emigrada, que oreou os ollos por todolos camiños do mundo, para facer nacer a nosa patria con un pensamento propio.

Despois, o Parlamento e a discusión das autonomías rexionales dentro da Constitución da República. Xa o decía aquí o noso irmán de Cataluña: regateos, riñas, reservas mentales, recorte de por cigui e recorte de por aló. Pero para nos outros, os galegos, había un feito fundamental. O noso movemento non naceu no concurso d-esta ou daquela cantidade de cousas que pudesan concedérsenos, senón d-unha grande calidade de cousas es-pirituales, as cuales habían de ter desemboque na unidade de Galiza, suprimindo a súa ridícula división en provincias, obra do absolutismo dos Borbóns.

E por eso nós aprendemos moito d-aquelas discusións. Aprendemos a ser modestos, con sentido común. Para nos outros a cuestión era començar. Nos finamos moita fe na nosa labou-

(Continúa na pág. 3)

Vicente Barros

As páxinas de A NOSA TERRA pónense oxe de loito pol-a morte dun gran galeguista, dun patriota galego exemplar, do irmán maior do galeguismo emigrado, do varil loitador a quen máis lle debe a causa da redención de Galiza dos difíciles primeiros tempos en América.

As bandeiras de loito do nazionalismo galego fan un alto no combate i-enclínanse enloitadas, en homaxe diste capitán pondaliano, diante do corpo sin vida (apagouse aquela foguera de amor a Galiza) de Vicente Barros.

Foi dos primeiros en escoitar o chamado da Terra ao producirse os seus sacudimentos iniciais da nova renascencia. Posuidor dunha intelixencia privilexiada e unha cultura por enriba do común (a cultura viva e dinámica, puxante, do autodidacta), foi orientador respetado e mestre benquerido de sucesivas forxadas de galeguistas.

As afervoadas páxinas d'"A Fougade", periódico que enche e configura unha época do nazionalismo galego na Arxentina, e do que foi alma mater o irmán Barros, foron caderno de palotes periódicos dunha boa parte das firmas que logo se estenderon pol-as publicacións da colectividade. Alma noble e xenerosa, nunca foi avaro do seu saber i-esperencia; pol-a contra, foi sempre fonte crara e sinxela, onde poideron beber cantos tiveron sede de supración e desexos de servir a súa patria e á humanidade.

Eran tempos máis amabeis que os que corremos: non se pensaba en enriquecerse; a "febre dos negocios", que logo fixo tantos estragos na colectividade era pura febre patriótica e idealista; renegábase dos "ricos homes", dos indians, e de Crisóforo Colombo. Por comentar o aradeiro libro recibido da Editorial "Nós", ou as conferencias de Kristamurti, ou un discurso de Castelao que reseñaba A NOSA TERRA, en

rexoubas que se prolongaban até o canto do galo, perdeu Barros moitos xornais que sempre lle fixeron grande falla. Pro entón, inclusive os comerciantes, eran bohemios.

Tiña o espírito decote alporizado com'a cabeleira, de tipo etiópico. O nome de Galiza era verba máxica que o inoptizaba. Onde queira que había unha oportunidade de loitar

Francisco Fernández del Riego

Invitado pol-o Centro Galego de Bós Aires, chegou a esta capital do Prata, para asistir ás xornadas galegas que se celebrarán a partir do 18 do corrente até o 31 do mesmo, o ilustre escritor galego, Francisco Fernández del Riego, xa ben coñecido entre nós pol-os seus artigos na revista "Galicia", do mencionado Centro, e pol-os seus admirabeis libros que honran á nosa Pátria, ao mesmo tempo que ao seu autor.

A NOSA TERRA ten a satisfacción de saudar con agarimo ao galego que, cheo de emoción patriótica, ven a estas lonxanas terras a traguernos un arrecendo daquelas outras que non se apartan ende-xamais do noso corazón. ¡Sexa ben vido!

pol-a liberación da Patria, ali estaba el, sin preocuparlle a cór política nin a posción de quen os solicitaban. Nunca se preocupou da roupa que deixaba na orella unha vez que se lanzaba ao balbordo da acción. Esta absoluta entrega á causa de Galiza, sin cálculos nin prexuícios, non sempre foi ben interpretada. Mais, pra xulgarlo con equidade é preciso posuir a súa inmensa xenerosidade de miras, cousa nada fácil.

O 7 de Maio ceibou o derradeiro alento; a súa postrreira verba foi o nome de Galiza. Ao día seguinte, a vella garda pondaliana dábanoslle o adeus definitivo no ledo cemiterio de Vicente López. A friaxe do outono espaxeiou as primeiras follas sobor da tumba e facía estremecer os corpos. Non houbo gotxa que estivese en condicións de pronunciar unhas verbas de despedida, e despedímolo cunha oración de bágoas, que corrían por dentro.

Ali o deixamos, baixo a sorna das torres góticas dos cipreses. Non tivo o supremo consolo de devolvelle o seu corpo á terra que o criou e que amou por enriba de todo. Mais el era un filósofo e sabrá consolarse. Somos nós, os seus vellos amigos e os seus discípulos da inesquecible Sociedade Nacionalista Galega "Pondal" os que non temos consolo. Esta imperfecta sensibilidade humana, estragada pol-os miseros afáns cotiáns, precisa que os amigos entrañabeis morran pra decatarse de canto os quería, da perda irreparable que a súa desaparición significa.

Do irmán Vicente Barros que ir decindo en sucesivos números, eis como o espacio e a lembranza o vaian permitindo. A súa vida e a súa obra serán sempre de gran proveito pra quenos ocupen o posto que van deixando os vellos loitadores.

Eis, pois, até sempre, amigo, mestre i-exemplo de patriotas galegos, irmán Vicente Barros!



COMO ERA D'ESPERAR, o mañífico e revelador artigo do destacado intelectual argentino don Francisco Luis Bernárdez, publicado en "Criterio", prestixosa revista católica argentina, co título de "El Idioma Prohibido", espertou á adocida xauría falanxista. E aí temos ao canciño de palleiro que esborranca en "Nuevo Correo", oveando a máis non poñer pra que o escoiten.

Pra este coitado ganapán, a católica revista de referencia, non debía permitir estampar nas súas páxinas o gregorioso nome de Curros "porque fúe excomulgado por la Iglesia Católica; Pondal no nos parece ningún santo. ¡Sahía esto la dirección de la revista? Por esta regla de exaltación, no nos extrañaría ver a Prisciliano en sus páginas, hecho un héroe gallego".

¡Vaiá por Deus! Sin pensalo, este coitado ganapán, fal unha auténtica radiografía da mentalidade falanxista e, naturalmente, confunde o moderno pensamento católico argentino peneirado nun clima de democracia, co retrógrado e ostromado de crego d'aldeia do clero hespañol.

MAIS ADIANTE AFIRMA este suxeto, que non hai ningunha disposición que prohiba o uso da lingua galega, e isto é certo, por canto dele s'encarregan os gobernadores das catro provincias do país galego. Tampouco Isabel a Católica ceibou ningún decreto prohibindo o idioma de Galiza, para qué? O só feito d'impór o castelán como oficial en Galiza, obia o demais. Viña sendo algo así, como chovido sobor mollado. E nela finca a habilidade desta gran raposeira que foi Doña Isabel...

C'UNHA CANDIDEZ DE PARVULINO o escriba de "Nuevo Correo" afirma que en varias universidades hespañolas ditanse cátedras de lingua galega, e isto é moi certo, mais o que non dis — e poida que o non sepa o coitado — é que na Universidade de Compostela non existe tal cátedra, apesares dos reiterados pedidos nese senso, e isto si que non ten espica-deira, verdade señor Bradis'?

SEGUINDO O BRULOTE de "Nuevo Correo" confirmamos que en Galiza existen unha Real Academia Galega e a Editorial "Galaxia", que ven publicando algúns libros galegos. Pois ben: en novembro do ano 51, no panario do instituto de Vigo, xuntouse a corporación da Academia Galega en pleo para recibir no seu seo ao arquitecto vigués señor Gómez Román. Desfucuse ao prestixioso polígrafo don Ramón Otero Pedrayo a gasalleira misión de darlle a benvida ao novo membro e, poucos lntres desantes de dar comezo ao trascendental aito, unha orde eispresa do gobernador prohibía os discursos en idioma galego.

¡Había que recibir ao novo académico da Galega en lingua castelán...?

En Vigo, a Editorial "Galaxia" publicaba "Grial", revista de cultura galega en bilingüe — dúas partes en castelán e unha en galego —, está á a regra imposta por Falanxe; e ao chegar ao número catro foi prohibida, por qué?

Evidentemente, o só follear a devandita publicación, axiña decatábase un, da inxeridade: non falaba de touros, se non ocupaba ren d'Hespaña nen da súa cultura. Escribíase decote encol da cultura galega e do seu promisorio rexurdimento, mais aínda: proxetábase cara Europa e isto, meus amiguíños, xa non podía tolerarse. E prohibeuse.

QUE PASA NA ACADEMIA, Don Manuel, que tanto proliferan os correspondentes?

Ben é certo que vostede xa vai velliño, que xa pasou dos cen — ¡quén chegara a eles! — mais de calisquera xeito, ¡carafío!, don Manuel, que o choie xa cheira a xamón...

E apropiado dos xamóns: como é que s'arranxan os pimpantes candidatos a correspondentes desta banda do Atlántico? Ou é que vostede ten algunha combinación?

¡Hai que frenarse, don Manuel, hai que frenarse, que carafío!...

O MARISCAL DE CAMPO, como un vulgar Fernando VII, xa nos meteu ao estranxeiro na casa.

Deica agora, a penetración na Federexión, levouse a cabo con afrancesados, mais afinada a conquista coa actividade dos quintacolumnistas, entrou solemnemente baixo palio o pimpante Don Izquierdo I, Imperator d'Ourense e doutros territorios por conquistar.

¡Qué falla lle está facendo á Federexión un Sinforiano López, ou un Cachamuíña pra chimparr fora da casa ao odiado estranxeiro!

Tempo ao tempo, que xa virá un Ponte San Paio...

XA DEU COMEZO a colonización hespañoleira da Federación baixo a ditadura extranxeira de Don Izquierdo I.

O 28 de xuño, data aniversario do Plebiscito Galego, namentras que a galeguedade en pleo deuse cita d'honor no Teatro Argentino pra escoitar a verba acesa de patriotismo dun home que representa todo un capítulo glorioso da historia da Federación de Sociedades Galegas, nesta entidade, hoxe baixo a pouta estranxeira e reaccionaria, celebrouse a data dun festival hespañoleiro onde os guitarreros, os ¡olé! e o cante jondo con ronquío e moneo estiveron á orde do día.

De todos modos, Ramón Suárez Picallo, home da Federación, vindo de Chile, recibiu o homaxe, un homaxe apoteósico da colectividade en pleo, e ben sabemos que antre o numeroso público que enchía a súa do Teatro Argentino, había moitos homes da Federación que acodiron a agasallar ao líder.

LOURENZO FRAGOSO.

Resposta da Irmandade nun Enquerito en Col dos Anceios dos Povos Oprimidos

Fai pouco tivo lugar na cidade de México a Primeira Conferencia Nacional Catalana, que xuníu a representantes de 67 entidades catalanas organizadas en vinte países.

O povo catalán representado n-esa Conferencia tomou distintos acordos que compoñen unha importante Declaración Política, verdadeira profesión de fe nos destinos da súa Terra. Entre os Puntos da Declaración Política merece destacar especialmente o Punto VI, polo que a Conferencia Nacional Catalana eispón os seus desexos de que unha vez que se logre terrubar o actual réxime opresor, Cataluña estableza un réxime consti-

tuyente para que o povo catalán poda decidir libremente seu réxime interior e fixar as bases políticas dun réxime peninsular que sexa unha auténtica garantía para os dereitos e liberdades das distintas nacionalidades, como condición primeira para chegar a unha organización confederal, libremente pactada, entre as distintas nacionalidades que teñan de integrala.

O Consell Nacional Catalá, representación máxime da devandita Conferencia, fixo chegar á Irmandade Galega un cuestionario sobor dos temas incruídos no Punto VI da Declaración Política, solicitando a súa opinión en col d-eses temas tan esen-

ciais para a futura organización do estado ibérico. Por considerala de importancia, fucemos eispí unha tradución da carta de resposta mandada pol-a Irmandade.

Di así:

"Rescibimos a súa comunicación do mes de febreiro derradeiro, na que transcriben o Punto IV da Declaración Política aprobada pol-a Primeira Conferencia Nacional Catalana, i-é para nosoutros un ledizo deber eispresar a nosa opinión en col dos temas que incruyen no seu cuestionario.

A Irmandade Galega, entidade patriótica e nacionalista galega, que xurde das máis puras tradicións do noso povo, está identificada absolutamente coa opinión, tantas veces eisposta, de que é imprescindible e imperativo achar novos módulos de vida que permitan aos povos peninsulares recuperar todo o potencial de creación que encerran as súas personalidades diferenciadas. Por elo é condición indispensable que cada un d-eses povos atope libremente a organización axeitada ás súas propias necesidades e normas de vida, e o mellor camiño para facelo sería, sin dúbida, o proicito eisposto por esa Conferencia Nacional Catalana para que cada unha d-esas nacionalidades se orgaiceen en réximes constitutivos, unha vegada que sexa abatido o réxime que as abrouxa atualmente.

A necesidade dunha federación de povos hispánicos foi de cote asualada por todos-os galegos que trataron de atopar unha solución axeitada á crisis política que dende fai anos sofre o noso país. Foi así como en todos-as manifestacións políticas das forzas representativas do noso povo sempre se sostivo o principio do federalismo e as forzas republicanas galegas eispresárono nidamente no Pacto de Lestrove, precursor da proclamación da República, decrarándose por unanimidade por unha República Federal, anxeio que viron frustrado por aqueles hespañoles que truncaron tantas esperanzas dos povos ibéricos coas súas ideas anacrónicas e a súa incapacidade para comprender o problema hespañol.

Os galegos que xungue esta Ir-

O IDIOMA PROHIBIDO PROBAS AO CANTO

No xornal "La Noche", de Compostela, con data 19 de febreiro p. pdo. apareceu unha entrevista datada en Madrid encol dunha revista galega que levará o título de "OUTEIRO", próusima a aparecer na capital d'Hespaña e que será a eispresión da nova xeración intelectual galega recién egresada da Universidade.

A continuación, publicamos como "botón de proba" un anaco da devandita entrevista e por ela veráse de como é perseguido o noso idioma:

"El denominador común de toda ella será la sinceridad implacable. Por ejemplo, haremos crítica literaria y no pamema literaria; intentaremos polémica cultural y no pelotilla cultural".

—En qué idioma estará redactada?

—"Aunque "Outeiro" se dedicará única y apasionadamente a Galicia, estará redactada en el idioma oficial, con excepción de dos páginas de poesía gallega, autorizadas por la Dirección General de Prensa".

—"Las demás secciones de tema gallego escritas en español, ¿no es eso?"

—¿Con qué colaboradores cuenta?

—Inicialmente, cuenta con un plantel de jóvenes universitarios, dispuestos a toda generosidad a todo esfuerzo. Pero "Outeiro" no quiere ser satisfacción o bandera sino totalidad, y abre sus páginas a todo el que tenga, sepa y quiera decir algo noble digno y fecundo en pro de Galicia. Porque "Outeiro" está penetrado del vaticinio: "A lús virá para Iberia, dos fillos de Breogán".

—¿Qué extensión tendrá?

—Treinta páginas".

Como ben pode ouservar o lector, trátase dunha revista d'intrés eiscrusivamente galego, obrigatoriamente redactada no "idioma oficial". Mais onde se pon de manifesto dun xeito craro e terminante a noxenta persecución de que se fai ouxeto ao idioma galego, é na acraración de que "estará redactada en el idioma oficial, con excepción de DOS páxinas de poesía gallega AUTORIZADAS por la Dirección General de Prensa.

Coidamos que con este botón de mostra queda suficientemente "probada a persecución" do idioma galego no paradiso franquista.

DISCURSO DE R. SUAREZ PICALLO

(Ven da páxina 1)

ra, e sabíamos que o que non pudésemos conquistar nun día nin a unha semana habíamolo de conquistar despois co noso exemplo, facendo de Galiza unha democracia perfecta. (Aplausos).

Disentábase d-aquela máis de vinte anteproxectos de Estatuto e non faltaban os señores rexionalistas "sanos y bien entendidos" que nos falaban de autonomía administrativa. Que nos falaban de algo así como se o alcalde en vez de que fose de Boiro tiña de ser de Redondela; algo que quería decir que administrásemos ben as nosas cousas. ¡Qué habíamos de administrar se no las levaban na súa maioría para outras terras e para outros sitios! Para nosoutros era importante, si, a autonomía administrativa, pero era moito máis importante un conceito de autodeterminación política; porque a ela temos dereito como nación que posee todas as condicións de tal, con un idioma ilustre e rico, con unha economía característica, con un paisaxe propio, e sobre de todo, por unha vontade de ser diferentes para ser existentes. (Aplausos).

CAMPANA AUTONOMICA

E iniciouse así a campaña pola autonomía de Galiza. Nunca na nosa Terra se estudou máis minuciosamente, con máis vontade e con máis sabiduría, a raíz, ao cerne de todos os nosos problemas. De todos. Desde as serras de Carboeiro deica as rías baixas, pasando polo cabo d'Ortega e por todas as terras chans, a verba dos predicadores d-aquela obra logrou, efectivamente, arraigar e enraizar na parte máis viva do noso país. Arraigou nos nosos labregos, arraigou nos nosos mariñeiros e arraigou na máis fina intelctualidade de Galiza; artistas, pintores, poetas, músicos e escritores.

E comezouse o espallamento d-aquela labours. E despois veu o que veu. O ano 33 e o biénio negro; a nosa causa parecía apagada, asolagada por aquel momento tristeiro da vida da República. Pero estaba latente debaixo de todo aquilo e nós sabíamos que había de volver a pórse en discusión a causa dos nosos grandes problemas.

¡E así foil! ¡E así foil! Despois das eleccións do 16 de febreiro de 1936, donde triunfaron as forzas populares, ás cales nós nos sumamos fervorosamente; aquel noso galeguismo e a nosa nosa galeguidade foi bandeira d-aquelas eleccións. Cando falo de galeguismo, enténdase ben, non falo de un partido político ao cal pertencenzo, e que ten esa denominación. Falo de pan-galeguidade, falo de xerarquizar todos os valores humanos da nosa Patria, desde o anarquista Ricardo Merla, pasando por Pablo Iglesias (Aplausos) deica a ilustres sacerdotes como monseñor Lago González, poeta e arcebispo de Compostela, que escribía admirablemente en galego e que falaba de Galiza no mesmo seaxa que nós. Nós non queríamos limitar a nosa causa no sentido de encerrala dentro dos lindes d'un partido. Nosoutros queríamos influir espiritualmente en todas as institucións que tiñan algo que ver na vida pública da nosa Terra, para que nos acompañaran na nosa grande labours, para que participasen despois nos seus froitos, na súa estrutura e no seu enroscamento.

E con eso conquistamos milagros como este: xentes que nunca falaban na nosa lingua, porque a consideraban particular, un pouco rústica e un pouco aldeán, falárona dentro da Universidade de Compostela; falárona no campo e na veiramar. ¡E había que ver! Eu lémbrome d'un día nas montañas de Arzúa nun alto memorable, que cando empecei a falar galego, oia unha especie de exclamación n-aqueles aldeáns; decían: fala coma nós, mesmamente coma nós. (Aplausos).

ORGANIZACION DO PLEBISCITO

Conquerido aquilo, triunfantes as forzas populares da vida galega, organizouse a labours do plebiscito; despois, como decía denantes, dunha campaña de divulgación do que quería ser o noso Estatuto; unha campaña á que se sumaron os técnicos do mar, os técnicos da terra, os labregos, os intelectuais, os profesores de dereito, os profesores de hixiene rural, os técnicos de gandería; e, en fin, todo canto necesitábase para darlle ao Estatuto de Galiza algo máis que o sentido dun pequeno código xurídico, senón de outras cousas de moito máis contido.

Aquela campaña contou, declarámono noble e lealmente, co apoio de todos os grupos políticos que ali trunfaron, de moitas organizacións obradeiras e incluso, de nós para a nosa deica, xentes de sentido común, que aparte das súas ideas, amaban a Galiza, apoiábanos senón directa, máis ou menos indirectamente. E foi así como se puido chegar á realización do Plebiscito. N-aquela labours, témolo de decir, participaron xentes de todos os partidos, repartían papeles uns, pegábanos outros, poñíanos nas fenestras e no chidiro do carro, para que serviran de tribuna, que por certo era unha tribuna gloriosa. Para nosoutros, como decía denantes, tiña esta grande significación o traballo que realizábase, e aquel acto do plebiscito quedou reducido a unha soa sílaba afirmativa ¡Sí! ¡Sí! ¡Sí! A sílaba fixon un rapaz do Ferrol, de 16 anos, a cuio pai fusilaron, e foi un suceso extraordinario. Por vez primeira, cecáis, nós non dubidábase, senón que afirmábase; e toda Galiza foi un inmenso e xigantesco ¡Sí! metido dentro dunhas furnas de cristal, como afirmación da vontade de ser existentes por ser diferentes, e participar con esta alta xerarquía na comunidade universal de todos os povos libres. (Aplausos).

OS NÓSOS ANCELOS

Decía denantes que o Estatuto era algo máis que un código xurídico. Nós queríamos que fose unha grande empresa chea de fe e chea d-esperanza; unha empresa nova que nos dera alento para traballar tamén en cousas novas; unha empresa do tipo económico. Queríamos organizar racionalmente a nosa destruída economía rural, comezando por combater o minifundio, que fai inútil unha grande cantidade da nosa terra. Eu non seiscas sabedes, e perdónademe un detalle mínimo, que solo nos regos do medio e nos arredores que apartan as pequenas leiras de outras, perdesse unha cantidade fabulosa de terra no noso país, donde fai falta moita máis terra. Queríamos combater o minifundio e chegar a unha concentración parcelaria, creando a unidade rural económica, seguindo unha vella tradición galega, formando o lugar, que fose unha unidade de prado verde, de campos de pastoreo, de monte de leña, de monte de estrume e de monte de madeira, ademais das terras labrantías e de palear.

Queríamos acoplar de redor da nosa casa rural os elementos necesarios para facer unha vida dina e decorosa. Creíamos que d-esta maneira, acaso quedase moita xente sin o medio feriado ou o ferrado de terra que tiña, e para enxugar esta falta de terra, nós proicitábase crear unha industrialización rural dos nosos produtos lácteos, evitar que a tía Maripéa fixese un queixo, a tía Petra outro e a tía Xuana outro diferente. Queríamos facer un tipo de produto que se vendera no mundo, con unha marca galega e para eso tiñamos un camino, que era o camino de crear a cooperativa con elementos de crédito.

Queríamos crear o banco rural onde o noso labrego depositara as súas cativas ganancias e fose o mesmo banco o que lle pagase as contribucións e todas as outras pagas e tivese ali unha especie de garantía, para saber canto tiña cada día. E queríamos levar a aldea paralelamente con esto; algo máis: unha idea que anduvo moitos anos na cachola do Alonso Ríos e na miña. Levá-la célula de cultura, da nosa cultura, a aldea rural, para facerlle a vida aos nosos mozos máis limpa, máis pura e con maiores ilusións. Queríamos que a radio fose un instrumento maravilloso que lavase as conferencias da nosa universidade, que levase os pensamentos dos nosos institutos investigadores e ali, na escola rural, convertida nunha especie de ateneo, os homes da cultura do agro o albeito, o médico, o boticario, o sacerdote, se acaso sabía cumprir co seu deber; e decir, todos cantos tiñan algo que decir e facer para embellecer o espírito da nosa mocidade rural, que había de ter ali un axeitado e comenmente acomodado. Esto no aspecto económico.

E todo este método nun xeito de democracia directa, especial e pura, nunha democracia feita de cánones feita de principios, xa que a democracia non é unha doutrina nin unha idea; é simplemente un xeito de vivir, de estar e de comportarse (aplausos). E por eso reclamábase facultades — ¡E están no noso Estatuto — para crear unha nova forma política de baixo para arriba, dándolle personalidade

viva e deliberante á primeira célula da nosa poboación e da nosa vida civilizada: a parroquia rural, como heredeira da vella tribu celta. E por eso pasábase da parroquia ao municipio, como reunión desas parroquias. Os casteláns e as outras xentes que viven en povos agrupados nunca entenderon como o axuntamento de Carballo podía ter 29 parroquias e podía ter polo tanto 29 camposantos, un ao redor da cada parroquia, e por eso nosoutros cando se falou desta cousa dos camposantos, defendemos a idea do vello camposanto con un alcépris, donde os nosos mortos siguen vivindo no espírito da comunidade aldeana.

Queríamos que cada aldea rural, cada parroquia, administrase a súa propia cuota do que tributase ao municipio, e o municipio fose xusto no re-



Parte do público que asistiu ao grandeiro aito

partimento destes bens, para a fonte, para o camiño veciñal, para fermosear o ruído, para todo canto significaba, como decía denantes, darlle á parroquia personalidade, transmitíndoa despois ao axuntamento e suprimindo a provincia.

Do axuntamento deica a Xunta de Galiza, con un parlamento deliberante. Os economistas de tres por catro, os tacaños que non tiñan outra cousa que opoñer, decían que esa autonomía iba a ser carísima. Galiza mantiña un parlamento, nada menos que un parlamento. Galiza mantería unha Xunta con un presidente e uns cantos conselleiros con xeito de ministros. Como se noutros tempos, e agora mesmo, Galiza non tivera que pagar catro parlamentos inútiles, que son as catro diputacións provinciais, que nunca fixeron, salvo a de Pontevedra, nada máis útil que cobrar a cédula personal e ser uns niños do peor caciquismo. (Aplausos).

Nós queríamos facer unha democracia, aproveitando todo o que nos quedou da Galiza sustancia nacional. No mesmo que no orden económico. Nosoutros estábamos no mundo e non éramos estraños ás ideas que se ventilaban no mundo. E cando se falaba de colectivismo, nós aprobábase o colectivismo porque, inercuso o dixo Federico Engels, foron os celtas os primeiros que o implantaron no mundo. Pero o noso colectivismo conservábase ali ao home a súa personalidade e a súa propiedade da terra. Este colectivismo ten en Galiza un camiño maravilloso, que é a cooperativa. A cooperativa que fixo de Dinamarca e de Bélxica países ricos, dinos de figurar no mundo polo a súa economía ben decidida, de tipo cordial, donde ao hay nin os moi ricos nin os infinitamente pobres. Unha democracia rural cando cada home traballe enriba da súa terra, a que ama como á súa muller, e nas postas do sol, ao escoitar a campana da aldea, vaia para a casa tranquilo e cordial, para ir un pouco despois a ver como vai nacendo o gran, sachando o millo, enriba dunha terra súa e sabendo que ten asegurada máis ou menos a súa subsistencia decorosa. Todo! Eso queríamos facer nosoutros porque estábamos no mundo.

ESTATUTO DEMOCRATICO

No orden político o Estatuto galego prevé a institución directa máis perfecta da democracia contemporánea. O sistema de iniciativa popular; que se decir, cando un número de cidadáns desean que se faga unha ley determinada que lles interesa, faise un plebiscito e se conquira un número suficiente de votos, un tanto por cento determinado, o Parlamento de Galiza tiña a obrigación de tratar esa iniciativa dándolle xerarquía. E cando o Parlamento de Galiza fivese unha ley que a xente non quería, ti-

ñamos decidido o principio de referéndum; e decir, se hai oposición, a lei vai a un referéndum popular para que a confirme. E tiñamos o sistema do "recoll". O sistema do "recoll" que se practica en Suíza i-en algúns estados de Norteamérica. "Recoll" que dito en galego un pouco vulgar quere decir recuar, ao que non sepa ir para diante. Cando se elixe a un maxistrado, a un deputado ou a un ministro e non cumpre coas súas promesas e cos seus deberes, pódese retirar o mandato, mediante a iniciativa das mesmas xentes que o votaron. (Aplausos).

Eu coído que non podía ser máis perfecto este sistema de democracia que nós propoñamos, no senso de ser radicalmente popular.

Confeso que esta empresa, esta

grandiosa empresa proicitábase no porvir. Non-a queríamos para recoller nosoutros os seus froitos; e tamén sabíamos que non lle podíamos dar todos os esforzos que ela necesitaba. Nosoutros queríamos esta empresa para que a nosa mocidade non volvese a ser carne de emigración, para que a súa América estivese en Galiza. (Aplausos). Para que a nosa mocidade, coa súa pureza e coa súa castidade espiritual, e con esa xenerosidade da súa idade e do seu pensamento, tivera algo útil que facer para ela, para a patria e para a humanidade. Para a Patria, facéndonos nova; para eles, creándose a súa propia vida e o seu propio destino; e para a humanidade, levándolle nas palmas das mans aberturas, a froil dunha cultura orixinal e pacífica, como a máis grande ofrenda fraternal que podemos facerlle ao mundo. E en ese orden Galicia ten algo que ofrecer. (Aplausos).

E namentras que os vellos, aínda moitos republicáns cecáis de boa fe, que tiñan reservas mentales co Estatuto, era precisamente por eso. Eles coase que nunca se ocuparon de outras cousas que de mudar un xez dun axuntamento para outro, de mudar un secretario de aquí para ali, de tratar de ter un gobernador en aquel ou en outro sitio, de ter as xentes ás súas órdenes. ¡E qué levábase nosoutros! Levábase pensamentos, ideas novas, como decía denantes, unha empresa nova.

En algunha asemblea nosa conquistamos persoas ilustres da cultura galega porque viron que naquela asemblea, fronte a outras donde se falaba daquello, na nosa asemblea tróuxose un proicito de industrialización rural perfecto, tróuxose un proicito de repobliación das nosas rías con especies sedentarias, tróuxose un proicito de repobliación dos nosos mariños, tróuxose un proicito da causa dos viños d-Ourense, tróuxose un proicito de repobliación gandeira. Todo elo traballado pol-os técnicos, pero apoiado pol-as capas máis vivas do noso povo.

Esta era a grande empresa. E os vellos decían: Nada, estes saben de todo; ¡que vai a ser de nós para escóntón! Galiza fíhaselles das mans. Esto era unha verdade. E cecáis esa foese unha das causas das dificultades que tuvo o Estatuto de Galiza, non somentes entre xentes monárquicas e reacionarias, senón entre moitos republicáns de vella estirpe; daquelas republicáns para os cales ser republicán era comer carne o día de vieras sen santo, blasfemar, e reunirse no casino a xogar ao tresillo. (Aplausos).

¡E qué ben entendeu a nosa mocidade estas cousas nosas! Si seguimos fervorosamente por todos os lados, aplaudiu, estimulou, axudou. Subíanse aos pinos a colocar enriba, de pino a pino, un leitreiro que decía: ¡Sí! ¡Estatuto de Galiza! ¡Sí! Subíanse os palcos da música de toda Galiza no

ra cubrilos con bandeiras galegas e con lendas sobre do Estatuto.

E nas vilas, nas aldeas, na Universidade i-en todas partes, estes rapaces do traballo, da cultura, da escola e da Universidade, foron o noso máis grande e glorioso apoio. Porque era para eles todo esto. Algúns vellos moi xenerosos entenderon esto, e rompendo as vellas normas votaron o Estatuto de Galiza. Eu lémbrome dun vello que había na miña aldea, que lle chamaban o tío Anxeliño. Era un vello que navegara todos os mares do mundo, e tiña unha orella un pendente de ouro, polo cual os rapaces tiñamos a idea de que algunha vez fora pirata. Nunca fora a votar. Tiña unha profunda repulsión a votar nada, nin para nada, i-unha vez que lle preguntaron ¡pero, vostede con quen está? Eu estou co axuntamento, mal raio o parta. Pois ben; o día do Estatuto o tío Anxeliño, que tiña os seus bós 70 anos, foi a votar o Estatuto, e cando lle preguntaron ¡pero, tío Anxeliño, vai a votar? Si, vou a votar; vou a votar porque mo mandou quen na miña casa é o único que ten razón en política; o meu neto máis novo. (Aplausos).

O tío Anxeliño votou o Estatuto de Galiza e como o tío Anxeliño houvo moitos tios Anxeliños en toda Galiza; que foron a votar. NON para facer alarde dun voto, SI para facer unha afirmación de vontade. E foi co sentido xeneroso de que estiveran mellor os que viñan que os que se iban; e por eso sendo dos que se iban querían estar coos que viñan dimpois d'elles.

Como síntesis de todo este traballo eu evoco no Relleno da Cruña, a noite de San Pedro, en tal día como hoxe, no 1936. Trinta mil persoas reunidas no bello xardín, ao conxuro de cánticos, ao conxuro de danzas, ao conxuro de verbas; verbas de xente nosa, verbas de algún que morreu e que está no infinito; verbas de Luis Companys (aplausos), verbas do Presidente Aguirre; verbas de algún que morreu e para quen os aplausos vosos quero trocar en frores para mandarllas á súa tumba; verbas de quen lle dou a esta campaña, o lado do sentido técnico, o lado do fervor, hábito da súa santidad. Xa sabedes a quen me refiro: ao noso Alfonso Casela. (Aplausos).

A ESPRANZA DA AMERICA

¡Morreu aquilo! Non, meus amigos, aquilo non morreu, porque aquilo non pode morrer. Cecáis na Patria está adormecido, porque non pode estar desperto; pero eiqui estades vós, eiqui estades vós, a grande e inextinguible reserva de Galiza, para manter a causa; eiqui estades vós, co voso sentido político e democrático, eiqui estades vós ao servizo da nosa cultura. Estades enroitados polo bon camiño. Estánse editando hoxe en Bós Aires libros escritos en galego, que non se poden publicar ali, donde a lingua ben amada e ben querida, está sendo perseguida, porque esas xentes solen perseguir as cousas máis bellas e máis fermosas. Pero está aquí, entre vosoutros, esta fe i-esta flama viva; esta fe máxifica, falando en galego, escribindo en galego, e ás veces, hasta blasfemando en galego. (Aplausos).

N-aqueles intres tivéstedes unha intervención decisiva, tivéstedes unha intervención no capítulo principal desta labours en col do Estatuto. Vosoutros estivéstedes modestamente representados; pero ali resonou a voso verba, e causou moita sensación. O que ali dixemos en nome dos emigrantes en América. Quebramos por primeira vez, cecáis, a idea de que o galego de América era aquel vello indiano que levaba un loro, un fonógrafo, unha leontina tremebunda, e que somentes se dedicaba a levantar capillas, e que esquezérasele o galego e non adprendera o castelán, que é un xeito de non falar nada (Aplausos).

Cando aqueles coitadiños sentiron falar galego de problemas de dereito, sentiron falar galego de literatura, sentiron falar galego de ensaios, a todo isto dixeron: ¡Pero esta xente de América! ¡que é esta xente de América!

He de ahí a influencia que tivo América en toda esta campaña; unha influencia que coñecemos todos. Pois ben meus amigos; a síntesis da voso labours, a síntesis de voso esforzo pola cultura e polo a flama da fe, a síntesis de todo isto será que vosoutros participaredes tamén, directamente, cando sea a hora de resucitar todo aquilo ali, e os froitos da pen-

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1 - Galiza, unidade cultural.
2 - Galiza, povo autónomo.
3 - Galiza, comunidade cooperativa.
4 - Galiza, célula de universalidade.

A NOSA TERRA (NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos, forxá, forxade grillos. Pode oprimir o ferro. Un corpo enfraquecido. Mais as nobres idelgas. E gloriosos instintos... Eses... non pode non, ó duro ferro. Nin a morte extingúilos. EDOARDO PONDAL

Año XXXVI - Núm. 490

Bós Aires, 16 de Xullo de 1954

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

El Idioma Prohibido

Por FRANCISCO LUIS BERNANDEZ

En "Criterio", prestigiosa revista católica que se edita neste país, o eminente escritor arxentino Francisco Luis Bernádez, publicou co título de "El Idioma Prohibido", un esgrevio e ben documentado alegato denunciando ante o mundo ao goberno falanxista hispanol de perseguir asañadamente ao ilustre e antergo idioma de Galiza.

Francisco Luis Bernádez, que é un dos máis outros valores intelectuais d'América, que ama afervoadamente á patria dos seus maiores; que coñece intimamente a lingua galega, na cal verteu brillantes e maduras páxinas literarias, e polo seu apaixonado amor á liberdade da cultura, publicou o valente e acusador artigo que moito nos honramos de transcribir das prestigiosas páxinas de "Criterio".

Nadie que coñeza medianamente a historia da cultura hispánica puede ignorar lo mucho que ésta debe al noble y esforzado pueblo gallego. Desde su rincón del noroeste ibérico, allí donde las indómitas olas cantábricas hallan espacio a su furia en la inmensidad del Mar Tenebroso, los celtas peninsulares (hermanos de los que en Irlanda, en el país de Gales y en el Finisterre francés siguen representando a una de las razas más antiguas del mundo) contribuyeron decisivamente al desarrollo espiritual de la gran familia que España, Portugal y medio continente americano constituyen. Infinita sería la lista de nombres y de obras que respaldan semejante aseveración. Reduciendo la copiosa nómina a sus términos fundamentales, podría recordarse, por ejemplo, que Paulo Osorio (uno de los padres de la historia universal) y el papa San Dámaso, epigrafista ilustre, fueron naturales de Galicia, que en el mismo solar vieron la luz hombres como Fray Benito Jerónimo Feijóo y como Fray Martín Sarmiento, por no citar varones de la talla del médico y filósofo Francisco Sánchez, del cronista Sarmiento de Gamboa, del poeta Trillo y Figueroa, del humanista Fray Jerónimo Bermúdez y del genial escultor Mateo, artista este último que, siglos antes, legó al mundo esa pétreo maravilla conocida con el nombre de Pórtico de la Gloria, Cifra y flor de la catedral compostelana y de todo el arte español de su época. Pero, con ser grandes, no fueron estos altos seres los que encarnaron de modo culminante el genio de su país. Para descubrir los supremos representantes del alma galaica es preciso internarse por la densa y profunda floresta de los Cancioneros primitivos (el de la Vaticana, el de Ajuda, el de Colucci-Brancuti), donde voces como las de Martín Codax, Mendiño. Pero da Ponte, Balseyro, Comes Charriño, Ayras Nunes y Lopes de Ulloa dieron fe con sus trovas de un sentimiento que ha de mirarse como el auspicio amanecer de la lírica peninsular. En el dulce y recio idioma de Galicia llegaron hasta las épicas tierras de la España medieval la luz y el aroma de la mejor poesía de Provenza y de Italia, y en el recio y dulce idioma de Galicia (considerado durante siglos como lengua consubstancial de la mayor maestría lírica) se extendieron a lo largo y a lo ancho de la Península penetraron en sus castillos y en sus alcázares, y, subiendo hasta los altos solios, hallaron en la augusta pluma que redactó las sagradas "Cántigas" alfoñinas el instrumento de su más alta perfección. Centurias más tarde, el viejo lenguaje cobró nueva dignidad en las obras de una legión de creadores que Rosalía Castro, Eduardo Pondal y Manuel Curos Enríquez encabezaron de mo-

do memorable, y que, creciendo sin cesar hasta el presente, cuenta hoy con personalidades tan sólidas como la del poeta Ramón Cabanillas y la del ensayista Ramón Otero Pedrayo, firmes pilares de una fe galleguista cuyo más ardiente apóstol fué hasta hace muy pocos años el gran dibujante y escritor Alfonso R. Castelao.

Cuando se piensa en todo lo antedicho, y cuando se añade a los ilustres nombres precitados los no menos insignes de Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Nicomedes Pastor Díaz, Ramón del Valle Inclán, Julio Camba y tantos otros gallegos que en su lengua natal o en la de Castilla enriquecieron incalculablemente el acervo cultural de España, resulta verdaderamente inexplicable, de puro absurdo, que el gobierno del general Franco, es decir, de un hijo de Galicia persiga de manera tan implacable al pueblo de las cuatro provincias del noroeste hispánico en lo que él tiene de más espiritual, o sea en su idioma. Porque la triste realidad es que cada vez son mayores las trabas puestas por el régimen franquista al libre cultivo de la lengua de Rosalía, y que a la hora actual no se permite en el suelo galaico el uso de ella sino en escala estrictamente doméstica. Quiere esto decir que, si bien está más o menos tolerado el empleo del gallego hablado, hay obstáculos prácticamente insalvables para la franca difusión del gallego escrito. Disminuídas sus vías de acceso al libro (con ruinosas consecuencias para más de una meritoria empresa editorial) y cerrados casi en absoluto sus medios normales de llegar al periódico y a la revista, el gallego parece condenado nuevamente a convertirse en una lengua puramente oral. Y digo "nuevamente" porque no es la primera vez que el idioma de los Cancioneros antes mencionados se ve expuesto a sufrir tan injusta pena. Desde los albores del imperalismo fernandisabelino hasta poco antes del crepúsculo colonial de la España borbónica, la voz de Galicia vivió refugiada, efectivamente, en el corazón y en los labios del pueblo, para ser devuelta, hacia las 2 últimas décadas decimonónicas, a las plumas de quienes reanudaron brillantemente una tradición literaria interrumpida durante cuatrocientos años.

Por obra de un poder político que no se cansa de invocar el valor de la cultura de Occidente, uno de los idiomas más hermosos y más antiguos del extremo meridional de Europa sufre incomprendible persecución. Pero de muy poco valdrá ella, sin duda. Porque lo que ha resistido durante cuatro largos siglos el encono y la insensibilidad de la fuerza cesarista más pugnaz que la Península conoció, bien podrá sobreponerse ahora a la hipócrita saña de un régimen cuya subsistencia en el cuadro de las potencias occidentales no depende precisamente de la voluntad de quien le da nombre. Como todo lenguaje verdadero, el de Galicia es un ser vivo y palpante que, a la larga, ha de triunfar inequívocamente. Porque el pueblo (inexpugnable baluarte de toda tradición genuina) lo guarda amorosamente en lo más puro de su seno inmortal, para que allí aliente con su vigor de siempre hasta el día en que sea posible entregarlo de nuevo a quienes lo fijarán en obras dignas de continuar una línea literaria y artística que empezó hace casi un milenio. De todos modos, no está de más señalar aquí nuestro repudio a algo que constituye un agravio a cuantos integramos la familia cultural hispanoamericana, deudora en buena medida del grande y noble espíritu gallego.

(De "Criterio")

En Defensa do Noso Idioma

O CONSELLO DE GALIZA DIRIXEUSE AO CONGRESO POLA LIBERDADE DA CULTURA

En Santiago de Chile estáse a celebrar un Congreso Internacional pola Liberdade da Cultura ao cal concorriron numerosas representacións de todas as partes do mundo. O intre era doado pra facer unha enérxica acusación ao réxime ditatorial que sofre Hespaña pola persecución de que se ven facendo ouxeto ao idioma galego. E asíñ que o Consello de Galiza acordou remesar a dito Congreso un cablegrama concebido nos termos seguintes:

Congreso Libertad Cultura. Argentina 1022. Santiago (Chile)

"Consejo de Galicia, nombre pueblo gallego, denuncia ante ese Congreso sistemática persecución régimen falangista español al idioma gallego, prohibiendo conferencias en gallego, trabajos periodísticos en gallego y trabando desenvolvemento cultural gallego. Solicita ese Congreso expresar protesta ante UNESCO y ante el mundo".

A. ALONSO RIOS - Secretario.



As son da zanfona

AÑO SANTO

Oxe, con motivo de ser ano santo, moitos pelengrinos chegan a Sant Yago.

Van a vel-o Apóstolo, coma no pasado, pra que lles perdone todol-os pecados.

Homes e mulleres, en grupos compaitos, enchén os camiños con rezos e cantos.

Veñen de moi lonxe, con fe i entusiasmo, de ledicia cheos, sin sentir cansancio.

De todol-os povos e todol-os rangos, desfilan ás veces cortexos estranos.

O máis sorprendente i en verdade raro, é o que a todos deixa de asombro pasmados.

Antre catro mouros, de albarnoces brancos, un coño camíña todo derrengado.

Por VERDUGUILLO

Coas orellas gachas e o fucino baixo, vai coma si fora pra o tallo levado.

E ás vegadas queixas con taes alaios, que mesmo parecen berros de cristiano.

Un home moi longo, perilla e moi fraco lévao dunha corda, ben asegurado.

E cando se deita no chan fatigado, aquel home seco túrralle do rabo.

-¡Ai, Asús María, porco condanado!- escraman as xentes, cuspidno con asco.

-¿Onde irá ese demo?... ¡Si o partira un raio!... ¿Qué ten que buscare tal bicho en Sant Yago?

-¡Si, nas mans caera do apóstolo santo, meu Deus, non quedara dél nin un anaco!

A COMISION INTERSOCIETARIA GALEGA HOMAXEOU A RAMON SUAREZ PICALLO

No Centro Betanzos, México 1660, a C. Intersocietaria Galega homaxeou a Ramón Suárez Picallo cunha cea asistindo numerosos núbrico desexoso d'agasallar ao líder galeguista esiliado na veciña república de Chile.

Aos postres, falou en nome da C.I.G. o señor Antón Suárez do Pazo referíndose ao homaxeado. Foi unha fermosa oración en lembranza da outimista xeira da República, acarón das patrióticas labours do Plebiscito do Estatuto Galego e do glorioso Partido Galeguista, do cal Suárez Picallo foi diputado no parlamento en representación de Betanzos.

A seguido, falou o homaxeado agradecendo fondamente emocionado o homaxe pasando axiña a lembrar saudosos tempos vellos d'emigrado en Bós Aires, esta benquerida cidade na cal se fixo home. A súa actuación sindical e na Federación de Sociedades Galegas, de orde na compañía de Antón Alonso Ríos sorriu pra Galiza como auténtico representante dos emigrados, a incorporarse ás trascendentais e patrióticas labours acarón do Plebiscito do Estatuto Galego.

Pasou logo o orador a referirse ao Consello de Galiza -do cal é representante en Chile- que non é, ún pretende ser, un goberno gale-

go no esilio, porque para selo, fálle a conexión esencial: a Terra. Mais ninguén, afirmou, pode discutirle a este orgaismo patriótico e representativo no esilio a súa legalidade por canto está constituído por auténticos representantes do povo. No percorrer da manífica peza oratoria ategada dun fondo senso emotivo e d'orientadores conceptos políticos, o orador foi premiado con alongados aprausos.

Discurso de S. Picallo

(Ven da páxina 3)

dición da laboura empezé a florir enriba dos campos de Galiza. Eu non o verei, meus queridos amigos; pero desexos de todo corazón que a vexades vosoutros. E cando nas horas d'angustia, cando nas horas de desconsolo, cando nas horas de desamparo e desesperanza corra un intro do pezo a vos fe pensado que esta fe e esta ilusión, ten todo canto debe ter pra ser inmortal: raíces na terra, anclas no mar i estrelas no firmamento (Abiausos).

Se vo faj falta recurrir a textos i verbas recurrids a estos dos illustre bardo de Ponteceso, e ali atoparedes a realidade da fe:

"Poderán as cadeas engrilloar os ceitos Dixen (Graudes aplausos).

O Dia de Galiza no Centro Ourenán

Organizado por este prestigioso Centro e a Irmande Galega, o día 31 do mes en curso, ás 21.30 horas, celebraráse no local da rúa Belgrano un aite en conmemoración da data gloriosa para a nosa Terra.

Na primeira parte, cantarase o Hino Galego e a coral Terra Nosa fará ouvir cancións do seu ben nutrido repertorio.

A seguido, o doutor Fiz Hernández, presidente da Irmande de Galega, pronunciará un discurso alusivo ao aite.

Na segunda parte, o aitivo entusiasta galeguista, Sr. Rodolfo Prada, fará a presentación dos orixinaes da continuación de "Sempre en Galiza", o libro inmortal de Castelao, orixinaes que serán editados polo Centro Ourenán, constituindo así o segundo tomo do devandito libro.

Por último, a coral Terra Nosa, pechará o aite con algunhas máis das súas admirabeis cancións.

En col de rexos corpos gravitarán (os ferros.

Pero as outas ideas i os sagros (pensamentos).

Ninguén pode copialas, nin engalos, nin Deus mesmo".

Dixen (Graudes aplausos).